




Proxecto Lector

IES de Arzúa

Ute Krause

A capacidade para informarse, criticar as ideas, avaliar os argumentos e xustificar as opinións, veñen dadas fundamentalmente pola lectura; cando se carece desas facultades, as sociedades son vulnerables a calquera ideoloxía fanática. Os sentimentos non articulados son fáciles de manexar e proporcionan unha unificación emocional poderosísima. Non é de estrañar que todos os ditadores exacraran a lectura e a prohibisen cando estaba dentro das súas posibilidades o facelo

(José Antonio Marina // La magia de Leer)



1 INTRODUCCIÓN

A Lectura, xunto co cálculo e a expresión oral e escrita, é unha das bases de todo proceso educativo e no que se apoian todas as demais aprendizaxes, é pois o eixe común, a base de toda ensinanza e o mellor medio para seguir aprendendo despois da escolaridade.

O bo lector crease, non nace con calidades innatas, de aí a importancia que desde todos os ámbitos debemos contribuír ó fomento da lectura, e non se nos escapa, que neste sentido, a escola ten moito que dicir e que aportar.

É fundamental fomentar a lectura dos nosos alumnos porque:

- ✓ A lectura permite cultivar a atención repousada neste mundo con sobreabundancia de estímulos.
- ✓ A lectura favorece a abstracción e axuda a reflexionar.
- ✓ A lectura esixe distanciamento da realidade, condición imprescindible para poder comprendela.

Para resolver o problema de que o alumnado non lee, non basta con mandar ler, precisamos un ambiente para que os alumnos/as lean, é dicir espazos, procedementos e tempos de lectura.

2 LEXISLACIÓN NO QUE SE ENMARCA

A lexislación actual recolle a importancia da lectura nos seguintes termos:

LOE Art.. 19.2/24.7/25.5. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores **TRABALLARANSE EN TODAS AS ÁREAS.**

En educación secundaria Artigo 26.2 A fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, que regula as ensinanzas de educación secundaria en Galicia.

Anexo V proxecto lector de centro

Artigo 5º do decreto de secundaria. A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro.

Decreto 126/2008 , artigo 10.4 “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá as medidas necesarias para que nas distintas materias se desenvolvan actividades que estimulen o interese e hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público, así como o uso das tecnoloxías da información e da comunicación”.

Orde do 24 de xuño de 2008, artigo 14.1 “Contribución, desde cada unha das materias, aos proxectos lingüístico, lector, de tecnoloxías da información e comunicación e ao plan de convivencia”.

3 XUSTIFICACIÓN

A necesidade de crear un Plan Lector xorde a partir dos resultados obtidos do traballo diario na aula e dadas as dificultades detectadas observamos que non sempre obtemos as respostas desexadas ós obxectivos marcados, de aí a necesidade de facer un modelo que favoreza e potencie o hábito lector do noso alumnado.

A lectura comprende dous grandes aspectos: descodificación (exactitude e velocidade) e a comprensión. Isto é fundamental para a adquisición de coñecementos. A capacidade de ler e as deficiencias de comprensión lectora, xunto coa desmotivación son as causas máis importantes do fracaso escolar.

E este é un dos principais problemas que preséntanos alumnos/as do noso Centro: **a dificultade de comprender e organizar a información**. No mesmo ámbito atopámonos cunha alta porcentaxe de alumnado con pobreza léxica para entender o sentido xeral e concreto dos textos presentados. Estamos na era da información e do coñecemento e necesitamos saber que ocorre, e estas dificultades na comprensión, restrinxen o contacto coa realidade. O mundo das novas tecnoloxías está fomentando o espellismo de pensar que estar conectado a grandes fontes de información facilmente acesibles, resolve todos os nosos problemas, pero isto non é verdade, eses bancos de información solo son útiles ós que saben “ler” esa información.”*Un burro conectado a internet, segue a ser un burro*” (José Antonio Marina).

En síntese o problema co que nos atopamos é a falta de estímulos positivos que reforcen o gusto pola lectura. Ler como acto lúdico, pracenteiro e enriquecedor posibilitando o salto cualitativo de **saber ler a querer ler**. E tamén a necesidade de buscar unha información axeitada nunha mar chea de posibilidades e que polo tanto pode dispersar, máis que concentrar.

Por outro lado está a eterna pugna entre as ciencias e as letras, facendo unha separación clara e definida entre as mesmas, de xeito que para entender o mundo científico non é precisa a lectura. Pero en realidade ambas están intimamente relacionadas, xa que as ciencias axudan a construír habilidades lingüísticas e a linguaxe sustenta a aprendizaxe das ciencias. Ambas “ciencias e letras” **constrúen habilidades do pensamento**. As últimas investigacións amosan que a magnitude en que un neno é exposto a conceptos científicos durante os seus primeiros anos de vida, augura que tan bo será nos seus estudos durante a etapa escolar, incluso, máis sorprendente, augura que tan bo será na súa capacidade para ler. Esta relación “ciencias letras” pode e debe desenvolverse de forma simultánea. Non esquezamos que todo ó noso redor pode entenderse mellor grazas á ciencia, e que isto pode axudar o noso alumnado a atopar máis sentido ó mundo, e deste xeito enriquecer a súa aprendizaxe e desenvolvemento.

A lectura non vai soa; lectura, expresión oral e expresión escrita son diferentes partes dun mesmo todo. Sábese que o alumno/a comprende a lectura grazas a que o expresa oralmente ou por escrito.

Todo esto (competencia lectora, competencia científica, uso crítico da información, hábito lector...) forman parte dun traballo conxunto nas aulas, que para que sexa eficaz é necesario:

- ✓ A implicación de todo o profesorado, e por extensión, de toda a comunidade educativa, que debe incorporar na súa actividade, en todas as áreas e materias do currículo, a ensinanza das estratexias de lectura comprensiva, expresión oral e escrita, que van máis aló da mera lectura.
- ✓ Que as estratexias de lectura e comprensión se atopen contextualizadas no traballo diario e de forma continua e sistemática ó longo de toda a etapa.

De xeito que/como consecuencia, logremos **LECTORES AUTÓNOMOS E COMPETENTES NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN**. Estes lectores serán capaces de:

- Aprender de forma autónoma.
- Aceder á cultura
- Aceder á información e o coñecemento.
- Descubrir o pracer de ler.

En todo este proceso a biblioteca escolar xoga un papel fundamental por considerala como un recurso imprescindible e tamén como factor de compensación

social. Para poder utilizar os recursos e que sexan realmente eficaces é preciso coñecerlos, e neste sentido é fundamental unha **formación de usuarios profesores/as** con fin de saber das posibilidades que a biblioteca presenta, as normas que a rexen e como sacarlle todo o partido posible. Esta formación realizarase ó principio de cada curso.

Outro aspecto fundamental para xustificar e contextualizar o noso proxecto lector é ter en conta os alumnos/as con necesidades educativas especiais. Aínda que para algúns autores o que diferencia ó home doutras especies, é a súa capacidade para coidar dos seus semellantes, a historia tenos proporcionado exemplos suficientes de que non sempre foi así, especialmente cando ditos conxéneres sufrían algunha deficiencia motórica, sensorial ou cognitiva.

Coa Lei Xeral de Educación de 1970 créanse as aulas de Educación especial, e en 1982 coa Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI) comeza a experimentarse a Integración Escolar destes alumnos/as con necesidades educativas especiais, feito que se desenrola coa LOXSE, máis en concreto coa Orde do 27 de decembro de 2002 que establece como norma xeral que o alumnado con necesidades educativas especiais será escolarizado nos centros educativos ordinarios de réxime xeral.

Na actualidade, a Lei Orgánica da Educación (LOE) introduce un novo concepto, o de necesidade específica de apoio educativo, que engloba ao alumnado con altas capacidades intelectuais, alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español e alumnado con necesidades educativas especiais, sendo estes aqueles que requiran nalgún período da escolarización ou ao longo de toda ela, determinadas atencións ou apoios específicos derivados de discapacidades, trastornos graves de conduta ou calquera outra circunstancia familiar ou persoal.

O IES de Arzúa, como centro educativo que é, ten escolarizado a un número de alumnos/as que presenta necesidades educativas especiais, polo que é lóxico que un proxecto como este recolla as características que nos podemos atopar cando falamos de hábito lector.

Con este espírito desenvólvese o noso Proxecto Lector.

4 FUNDAMENTACIÓN

O presente Proxecto Lector pretende ser un documento que **integre as intervencións**, que se levan a cabo no noso Centro, destinadas ó fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Está relacionado con todas as competencias básicas, especialmente coa comunicación lingüística, tratamento da información e a competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender; porque promove:

- ✓ O fomento e hábito da lectura.
- ✓ Unha lectura comprensiva.
- ✓ A lectura en todo tipo de textos, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- ✓ A educación en información utilizando os recursos impresos e as tecnoloxías da comunicación e da información.

5 OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

Cinco son os obxectivos que de forma xeral pretende abarcar este Proxecto Lector:

- ≈ Estimular e fomentar o hábito lector
- ≈ Favorecer a comprensión lectora e expresión escrita
- ≈ Fomentar o acceso a información obxectiva e crítica dunha forma autónoma.
- ≈ Incorporar e utilizar a biblioteca escolar como un recurso imprescindible e un factor de compensación social.
- ≈ Organizar traballos colaborativos que permitan realizar proxectos que integren: o fomento da lectura, a educación documental, a lectura informativa, a de ficción, a busca de información e a construción do coñecemento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

≈ Estimular e fomentar o hábito lector

As preguntas que nos facemos son: ¿como crear o gusto pola lectura?, ¿como achegar o libro ó alumno/a? E ¿que facer para que disfrute?.

¿Que facemos para espertar en alguén o desexo de facer algo?: Falar con paixón. Os magos sabemos que os sentimentos e as paixóns se contaxian si se acerta coa retórica oportuna. Cando unha persoa nos explica con elocuencia e paixón as súas aficións, permítenos descubrir posibilidades onde non criamos que houbera ningunha.

(J. A. Marina// La magia de leer)

¿E si en lugar de esixir a lectura o profesor decidira de repente compartir a súa propia dita de ler?

(Daniel Penac)

- Incorporar á lectura na práctica docente en cada materia, cunha dedicación mínima de 20 minutos semanais (no caso dos bacharelatos e ciclos non se determinan mínimos).
- No proxecto “Hora de Ler” fomentar que o alumnado elixa as súas propias lecturas, buscándoas na biblioteca, co fin de espertar neles o coñecemento dos libros e o pracer que a súa lectura supón.
- Contemplan a lectura nun senso amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar un dato, para resolver un problema, para elaborar un traballo, pero tamén a lectura pracenteira, a que realizada en soidade ou compañía ten como único obxectivo o gozo do texto literario.
- En todos os casos tratarase de lograr que o alumnado :
 - ⇒ Lea todo tipo de textos e en todos os soportes
 - ⇒ Lea de forma segura, fiable e fluída
- En todo caso o profesor favorecerá:
 - ⇒ A creación de espazos de lectura individual e silenciosa, pero tamén espazos de lectura compartida.
 - ⇒ O descubrimento e fomento no alumnado da sensibilidade literaria e científica.
 - ⇒ Ademais, no caso dos ciclos e bacharelato: A consolidación da sensibilidade literaria e científica a través das lecturas obrigatorias ou recomendadas nas distintas materias
 - ⇒ A relación íntima e persoal entre o alumno/a e o libro

≈ Favorecer a comprensión lectora e expresión escrita

Con estes obxectivos buscamos as respostas a: ¿como programar e desenvolver medidas que fomenten destrezas, a comprensión e a motivación da lectura e da escritura?

Os hábitos son grandes ferramentas psicolóxica, fundamentais en todo proceso educativo. Inclinan a realizar determinadas accións e facilitan a súa execución.

J.A. Marina

"Nunca esquezo recordar nas miñas clases que fronte a un problema o máis satisfactorio é conseguir a resolución máis sinxela, máis clara e máis breve, a máis elegante en suma"

XARO MONDEDEU MORENO (Profesora de matemáticas)

- Comprender os textos lidos ou escoitados, en calquera formato e con calquera finalidade, mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, a estrutura do texto, a intención.
- Producir textos coherentes e ben estruturados en todas as áreas usando as normas básicas de ortografía e expresión.
- Potenciar e intentar consolidar as ferramentas lectoras, de escritura e o dominio do vocabulario.
- Traballar con distintos tipos de textos: narracións, poemas, cancións, cómic, imaxes, fotografías, pintura, gráficos, textos informativos, esquemas, publicidade, xornais...
- Integrar as TICS nas prácticas de lectura comprensiva e de escritura, como medio de buscar novos recursos para lograr os fins propostos.
- Progresar nas propostas dos textos cada vez máis esixentes co lector.

≈ Fomentar o acceso á información obxectiva e crítica de forma autónoma.

Con estes obxectivos buscamos as respostas a: ¿como programar e desenvolver medidas para fomentar a busca dunha información selectiva e axustada ás súas necesidades? ¿como reelaborar esa información obtida e empregala?

Calquera cousa que faga que un profesor mellore, se adapte e pense de que xeito imparte as súas clases, resulta positiva. O peor que lle pode pasar a un profesor é o anquilosamento. Tes que querer poñer en práctica novas ideas e explorar novas formas de ensinar.

(Betty TeufuL)

Unha cidadanía incapaz de manexar información e comprender argumentos está en mans de calquera slogan, axitador, gurú ou personaxe mediática.

J.A. Marina

Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet)

- Seleccionar de forma crítica a información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas dunha forma eficaz, comprensiva e ética.
- Obter con eficacia e no menor tempo posible a información que se precisa.
- Reelaborar a información obtida e empregala.
- Incorporar as TICS na busca de información.
- Coordinar o uso dos recursos electrónicos e os materiais impresos tradicionais.

≈ **Incorporar e utilizar a biblioteca escolar e de aula como un recurso imprescindible e como factor de compensación social**

A biblioteca concíbese como un espazo educativo ó servizo dos procesos de ensino aprendizaxe e un centro de recursos da información e da lectura en todos os formatos e soportes, que apoia a labor do docente e a autoaprendizaxe do alumnado.

A lectura necesita estímulo e condicións favorables. Fomentar o contacto dos alumnos cos libros debería ser un dos aspectos fundamentais de calquera proxecto educativo. A lectura como obxectivo, as bibliotecas como recurso e ambas como instrumento para a formación integral dos alumnos, son algunha das claves dun sistema educativo moderno, que ten como reto responder as crecentes e cambiantes demandas do entorno.

(Luís León Otero/Mario Martín Bris)

A biblioteca é o lugar natural do lector. Un sitio para a perplexidade e a metáfora da memoria. A mesma calidade do recinto (que acopia almacena, pero dun xeito tal que propicia o tránsito interno, a busca) favorece a lectura. Física e virtualmente unha biblioteca é unha gran trama de mundos entrelazados de mil maneiras, un labirinto de corredores, andeis e sitios alternativos que ofrecen, non un camiño, un método, senón infinitos camiños.

(GRACIELA MONTES)

Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU e as distintas seccións en que están distribuídos.

- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar.
- Capacitar ó alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar e por extensión, doutras bibliotecas
- Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo

≈ **Organizar traballos colaborativos que permitan realizar proxectos que integren: o fomento da lectura, a educación documental, a lectura informativa, a de ficción, a busca de información e a construción do coñecemento.**

OBXECTIVO XERAL Nº 1: Estimular e fomentar o hábito lector (ler por ler)

As preguntas que nos facemos son: ¿como crear o gusto pola lectura?, ¿como achegar o libro ó alumno/a? e ¿que facer para que disfrute?.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTIVIDADES	PERIODICIDADE TEMPORIZACIÓN	PERSOAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Incorporar á lectura na práctica docente en cada materia: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Fomentando a lectura en todo tipo de textos e todos os soportes. ✓ Buscando ler de forma segura, fiable e fluída, ✓ Buscando espazos de lectura compartida e tamén individual e silenciosa. ✓ Tratando de descubrir e apoiar a sensibilidade literaria e científica do alumnado, así como a relación íntima e persoal entre o alumno/a e o libro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Busca e orientación na elección dos textos relacionados coa materia a impartir en distintos tipos de soportes, tendo en conta a sensibilidade e inquedanzas do alumnado. ▪ Lectura individual e silenciosa de textos varios ▪ Lectura compartida deses textos ▪ Realización de exposicións de debuxos, traballos... relacionados coas lecturas. ▪ Dramatización de lecturas ▪ Recomendacións dos libros que máis gustaron ▪ Lecturas en voz alta, de textos previamente preparados por un alumno/a ou un grupo. ▪ Elaboración dun caderno coas lecturas máis significativa ó longo do curso. ▪ Presentación dun libro por parte do profesor, relacionado ou non coa súa materia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Semanal (mínimo 20 minutos). ▪ No caso dos bacharelatos e ciclos non se determinan mínimos ▪ Cada mes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesores/as de cada área ou materia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fondos da biblioteca escolar e da de aula. ▪ Internet ▪ Medios audiovisuais ▪ Prensa escrita e dixital ▪ Fotografías ▪ Esquemas ▪ Mapas ▪ Material persoal tanto de profesorado como de alumnado
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Potenciar o proxecto “Hora de Ler”, aproveitando espazos libres, finais de clase, horas de garda... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elección, por parte do alumnado, con orientación do profesor das lecturas que lles interesan, co fin de espertar neles o coñecemento dos libros e o pracer que a súa lectura supón. ▪ Aproveitamento de gardas, faltas do profesorado, tempos libres... para que o alumnado dedique tempos e espazos a ler, de forma individual ou compartida. ▪ O profesorado compartirá estes espazos (aprender por imitación e por mimetismo) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Gardas, finais ou inicios de clase, tempos mortos... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesores de cada área ou materia. ▪ Profesores de garda 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bibliocaixas ▪ Biblioteca escolar

OBXECTIVO XERAL Nº 2: Favorecer a comprensión lectora e expresión escrita

Buscamos as respostas a: ¿como programar e desenvolver medidas que fomenten destrezas, a comprensión e a motivación da lectura e da escritura?

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTIVIDADES	PERIODICIDADE TEMPORALIZACIÓN	PERSONAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender os textos lidos ou escoitados, en calquera formato e con calquera finalidade, mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, a estrutura do texto, a intención. ▪ Traballar con distintos tipos de textos: narracións, gráficos, poemas, cancións, banda deseñada, imaxes, fotografías, pintura, esquema, xornais, revistas, textos informativos, publicidade... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciación de distintos tipos de textos e da linguaxe utilizada en cada caso. ▪ Realización de coloquios, foros, debates... ▪ Lecturas de imaxes , publicidade (en prensa e televisión), carteis, banda deseñada... ▪ Traballo con noticias atopadas nos medios de comunicación e comparación dos formatos papel e dixital, ou radio , tv, observando os distintos tipos de linguaxes (só palabra, xestual, imaxes...) ▪ Dramatizar textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Semanalmente nos 20 minutos como mínimo de cada materia. ▪ Cando o profesor/a o considere oportuno dentro da súa materia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesores de cada área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fondos da biblioteca escolar e da de aula. ▪ Internet ▪ Medios audiovisuais ▪ Prensa escrita e dixital ▪ Fotografías ▪ Esquemas ▪ Mapas ▪ Material persoal tanto de profesorado como de alumnado
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Producir textos coherentes e ben estruturados en todas as áreas usando as normas básicas de ortografía e expresión. ▪ Potenciar e intentar consolidar as ferramentas lectoras, de escritura e o dominio do vocabulario. ▪ Integrar as TICS nas prácticas de lectura comprensiva e de escritura, como medio de buscar novos recursos para lograr os fins propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexistro de datos a partir das súas observacións da realidade ▪ Elaboración de textos a partir desas observacións ▪ Identificación dos temas, ideas principais estrutura, finalidade... do texto. ▪ Realización de pareados, poesías... co vocabulario dos textos. ▪ Determinación das épocas e tempos nos que se desenvolve o texto. ▪ Identificación das mensaxes ou intencionalidades dos textos ▪ Realización de xuízos críticos e valoracións persoais ▪ Realización de esquemas e resumos organizado secuencialmente as ideas principais ▪ Secuenciación e ordenación de textos, imaxes... ▪ Realización de curtos ou gravacións de sons ▪ Reelaborar a información recollida 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Semanalmente nos 20 minutos como mínimo de cada materia. ▪ Cando o profesor/a o considere oportuno dentro da súa materia ▪ Nas gardas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesores de cada área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fondos da biblioteca escolar e da de aula. ▪ Internet ▪ Medios audiovisuais ▪ Prensa escrita e dixital ▪ Fotografías ▪ Esquemas ▪ Mapas ▪ Material persoal tanto de profesorado como de alumnado

OBXECTIVO XERAL Nº 3: Fomentar o acceso á información obxectiva e crítica de forma autónoma.

Con estes obxectivos buscamos as respostas a: ¿como programar e desenvolver medidas para fomentar a busca dunha información selectiva e axustada ás súas necesidades?¿como reelaborar esa información obtida e empregala?

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTIVIDADES	PERIODICIDADE TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet) ▪ Seleccionar de forma crítica a información e a construción autónoma do coñecemento. ▪ Empregar funcionalmente as fontes informativas dunha forma eficaz, comprensiva e ética. ▪ Obter con eficacia e no menor tempo posible a información que se precisa. ▪ Reelaborar a información obtida e empregala. ▪ Incorporar as TICS na busca de información. ▪ Coordinar o uso dos recursos electrónicos e os materiais impresos tradicionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación de libros ou outras fontes informativas (nome do autor, ilustrador, título, editorial, colección, sumario/índice...) ▪ Identificación das partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha. ▪ Identificación dos menús despregables (páxinas web, programas informáticos. ▪ Reflexións sobre a forma e contido dos textos. ▪ Realización de postas en común para desenvolver o razoamento verbal (distinción entre feito e opinión, comprensión e produción de argumentos, figuras retóricas, siloxismos e analoxías, lecturas de gráficos, esquemas e mapas conceptuais). ▪ Reflexións sobre a terminoloxía informativa, documental de ficción ▪ Elaboración de fichas de referencia, bibliografías, dossiers ▪ Xogos para atopar informacións varias. ▪ Seguimentos de pistas sobre un tema concreto ▪ Xogos de preguntas encadeadas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Semanalmente nos 20 minutos como mínimo de cada materia. ▪ Cando o profesor/a o considere oportuno dentro da súa materia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesores de cada área. ▪ Titores ▪ Profesores de garda 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Internet ▪ Fondos da biblioteca escolar e da de aula. ▪ Internet ▪ Medios audiovisuais ▪ Prensa escrita e dixital ▪ Fotografías ▪ Esquemas ▪ Mapas ▪ Material persoal tanto de profesorado como de alumnado

OBXECTIVO XERAL Nº 4: Incorporar e utilizar a biblioteca escolar e de aula como un recurso imprescindible e como factor de compensación social

A biblioteca concíbese como un espazo educativo ó servizo dos procesos de ensino aprendizaxe e un centro de recursos da información e da lectura en todos os formatos e soportes, que apoia a labor do docente e a autoaprendizaxe do alumnado.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTIVIDADES	PERIODICIDADE TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> Situar a biblioteca no centro e coñecer como acceder a ela 	<ul style="list-style-type: none"> Visita guiadas á biblioteca escolar para situala e coñecer a distribución (para os primeiros cursos de ESO e primeiro de bacharelato) Presentación en power point sobre a biblioteca do Centro: "De como perderse no labirinto da biblioteca e atopar a saída" 	<ul style="list-style-type: none"> Día da presentación ou primeiros días de clase Mes de outubro 	<ul style="list-style-type: none"> Titores/as Persoal do grupo da biblioteca 	<ul style="list-style-type: none"> Planos de situación da biblioteca Planos de distribución da mesma Presentacións en power point
<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os recursos básicos que ofrece a biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Charla básica sobre os recursos que ofrece e como acceder a eles, así como as normas básicas de funcionamento Interpretación dos planos da biblioteca e as cores para ver a súa distribución Comprobación da oferta relacionada co seu currículo que oferta a biblioteca (libros, DVS, vídeos, fotografías, revistas ...) Organización dunha pequena bibliografía a cerca dun determinado tema relacionado co currículo 	<ul style="list-style-type: none"> Mes de outubro Mes de outubro Primeiro trimestre Primeiro trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> Persoal da biblioteca Persoal da biblioteca Profesorado de cada materia Profesorado de cada materia 	<ul style="list-style-type: none"> Biblioteca escolar Presentacións en power point Planos da biblioteca
<ul style="list-style-type: none"> Coñecer a organización dos fondos pola CDU e as distintas seccións en que están distribuídos. 	<ul style="list-style-type: none"> Xogos de achegamento para situarse no espazo da biblioteca. Xogos para coñecer os distintos tipos de soportes documentais 	<ul style="list-style-type: none"> Mes de outubro 	<ul style="list-style-type: none"> Persoal do grupo de biblioteca 	<ul style="list-style-type: none"> Biblioteca escolar Presentacións en power point
<ul style="list-style-type: none"> Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> Charla sobre as normas que máis lles poida afectar ó alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> Mes de outubro 	<ul style="list-style-type: none"> Persoal do grupo de biblioteca 	<ul style="list-style-type: none"> Regulamento da biblioteca Xogos varios

OBXECTIVO XERAL Nº 4: Incorporar e utilizar a biblioteca escolar e de aula como un recurso imprescindible e como factor de compensación social				
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTIVIDADES	PERIODICIDADE TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Capacitar ó alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar e por extensión, doutras bibliotecas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentación en power point sobre as partes dun libro e a información que ofrecen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Primeiro trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Titores/as ▪ Profesorado do grupo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biblioteca escolar ▪ Presentacións en power point
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentación en power point sobre os diferentes tipos de documentos para buscar información 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Primeiro trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Titores/as ▪ Profesorado do grupo 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentación de como buscar información a través de internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Primeiro trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Persoal do grupo da biblioteca 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acceso ós fondos mediante o OPAC de Meiga para coñecer o estado dos fondos, facer buscas.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mes de outubro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Persoal do grupo da biblioteca 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Busca e colocar libros pola CDU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mes de outubro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Persoal do grupo da biblioteca 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaboración na selección de títulos para a biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesorado de cada materia 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades para localizar a información 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesorado de cada materia 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Visita a biblioteca municipal 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mes de decembro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Titores/as ▪ Profesorado do grupo ▪ Persoal do grupo de biblioteca 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cada profesor/a visitará a biblioteca co seu alumnado e realizará actividades de lectura ou busca de información relativa á súa materia ▪ O titor/a ou calquera outro membro do equipo docente acompañará os seus alumnos a biblioteca para elixir libros, revistas, banda deseñada... para as BIBLIOCAIXAS procurando facer unha selección completa e ampla abarcando distintos tipos de materias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1 vez ó trimestre como mínimo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesores de cada materia ▪ Titor/a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biblioteca escolar
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Potenciar as bibliotecas de aula, adaptándoas as necesidades do currículo e ás de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O equipo docente de cada curso e o alumnado proporán a incorporación de materiais á biblioteca de aula 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Trimestralmente ou cando se considere oportuno 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesores de cada materia ▪ Titor/a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biblioteca escolar ▪ Biblioteca de aula

ACTIVIDADES XERAIS COORDINADAS POLA BIBLIOTECA

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Formación de usuarios▪ Mochilas viaxeiras▪ Exposicións de fondos bibliográficos e audiovisuais▪ Club de lectura▪ Concursos▪ Poesía por san Valentín▪ Celebración das letras galegas | <ul style="list-style-type: none">▪ Exposición de traballos na sala Mondrian▪ Achega das novidades▪ Días de cine▪ Encontros con autores▪ Conta contos▪ Elaboración de recomendacións de lectura▪ Elaboración de guías temáticas▪ Celebración do día do libro▪ Libros – forum |
|---|--|